

## A N E X O Nº 5

Empresa .....  
 Trabxador .....  
 Categoría .....

De conformidade co estipulado no artigo 28 do Convenio Xeral do Sector da Construcción vixente, suscrito con data 12 de xuño de 2002, de común acordo coa empresa ....., o traballador acepta presta-los seus servizos no centro de traballo ..... a partir do día ..... de ..... de 20.....

E para que así conste, ámbalas dúas partes asinan o presente acordo en ..... a ..... de ..... de 20.....

O traballador A empresa

## A N E X O Nº 6

*Notificación de subcontrata na actividade de construcción e obras públicas*

A empresa ..... con enderezo en ..... CIF ou NIF ....., e código de conta de cotización á Seguridade Social ....., notifica á empresa ..... con enderezo en ....., e á Inspección Provincial de Traballo e Seguridade Social de ....., que con data ..... ten subcontratado os traballos de ..... na obra de ....., sita en ....., coa empresa....., con enderezo en....., CIF ou NIF ....., e código de conta de cotización á Seguridade Social ....., na que, a últimamente citada empresa, ten previsto empregar un número aproximado de ....., traballadores por conta allea, coas categorías e especialidades de ..... a ..... de ..... de .....

Sinatura e selo

Asd. ....

D.I. ....

Por triplicado

---

 CONVENIOS COLECTIVOS

Visto o texto do convenio colectivo do sector de "INDUSTRIAS DE PANIFICACIÓN", con nº de código 3600785, que tivo entrada no rexistro único do edificio administrativo da Xunta de Galicia en

Vigo o día 02-07-2004, subscrito en representación da parte económica pola Asociación Provincial de Industrias de Panificación (APROINPA), e, da parte social polas centrais sindicais CC.OO., UGT e CIG, en data 30-06-2004. De conformidade co disposto no artigo 90, 2 e 3, do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, Real decreto 1040/81, de 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo e Real decreto 2412/82, de 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta delegación provincial,

## ACORDA:

*Primeiro.*—Ordena-la súa inscrición no libro-rexistro de convenios colectivos de traballo, obrante nesta Delegación Provincial, e notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

*Segundo.*—Ordena-lo seu depósito no Servicio de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación.

*Terceiro.*—Dispoñe-la súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia.

En Vigo, a 20 de xullo de 2004.—O Delegado Provincial, Joaquín Macías Sánchez. 6770

**CONVENIO COLECTIVO SECTOR "INDUSTRIAS DE PANIFICACIÓN" PROVINCIA DE PONTEVEDRA**

ANOS 2004 e 2005

*Artigo 1.—Ámbito de aplicación*

O presente convenio afecta no seu contido normativo a toda a provincia de Pontevedra, comprendendo no mesmo a todas as industrias e traballadores/as que se rexan pola Regulamentación Estatal de Traballo de Panaderías, normativa laboral subsidiariamente aplicable en todo o non previsto neste convenio.

*Artigo 2.—Vixencia e duración*

O convenio entrará en vigor aos dez días da súa sinatura, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, se ben os seus efectos económicos retrotraeranse ao 1 de xaneiro de 2004.

O presente convenio terá unha duración de dous anos, rematando, os seus efectos finalizarán o día 31 de decembro de 2005, prorrogándose automaticamente por anualidades no caso de non mediar denuncia das partes cunha antelación de tres meses polo menos ao termo da súa vixencia. Dita denun-

cia deberá facerse por escrito dirixido á outra parte afectada polo convenio.

#### *Artigo 3.—Retribucións*

As retribucións salariais son as que para cada categoría profesional se fixan na táboa salarial anexa, as cales calculáronse en base a un incremento do 2,25% para o exercicio de 2004. Unha vez coñecido o IPC real do ano 2004 si este superase o IPC previsto polo Goberno (2%) a diferenza do que exceda dito porcentaje, percibirase con efectos retroactivos dende o 1 de Xaneiro de este ano.

Para o ano 2005 o incremento salarial será do IPC previsto mais o 0,5%.

Unha vez coñecido o IPC real do ano 2005 si este superase o previsto polo Goberno a diferenza do que exceda dito porcentaje, percibirase con efectos retroactivos dende o 1 de Xaneiro de este ano.

#### *Artigo 4.—Antigüidade*

Co fin de fomentar a vinculación coa respectiva empresa do persoal que actúe na industria panadeira, establécense aumentos periódicos por tempo de servicios dentro da propia empresa para todo o persoal afectado pola Regulamentación nas seguintes proporcións: dous bienios do 5% e catro quinquenios do 10% sobre a retribución base.

Para o cómputo da antigüidade para os efectos dos aumentos periódicos, terase en conta a totalidade dos anos en servicios prestados dentro da empresa, calquera que sexa a categoría ou grupo profesional no que o traballador ou traballadora se encuentre encadrado, se ben o dito cómputo, para estes efectos, iniciárase desde a entrada en vigor da Regulamentación de Tráballo (Orde de 20 de agosto de 1968, BOE de 9 de setembro).

Os traballadores e traballadoras que ascenden de categoría ou cambian de grupo, percibirán sobre o salario base daquela categoría a que incorporen os aumentos periódicos por antigüidade que lles corresponda, de conformidade co precedente, calculados todos eles sobre o novo salario base.

#### *Artigo 5.—Licencias e permisos*

As licencias e permisos que a empresa poderá conceder aos traballadores e traballadoras serán as que se recollen no cadro de licencias, ausencias e facilidades concedidas ao persoal, recollido no anexo II do presente convenio.

A empresa concederá licenza non retribuída durante un día, como máximo, ao ano, sempre que se solicite con tres días de antelación, como mínimo, antes da data do seu aproveitamento e non concorra a solicitude e licenza coa doutro traballador ou traballadora da mesma sección ou departamento.

#### *Artigo 6.—Vacacións*

O persoal afectado por este convenio terá dereito ao disfrute dunhas vacacións anuais anual de trinta días naturais.

#### *Artigo 7.—Xornada e descansos*

A xornada laboral será de 40 horas semanais de traballo efectivo, que se distribuirán desde as 00.00 horas do luns ata as 22.00 horas do sábado.

Todo o persoal descansará, en cumprimento do establecido no artigo 37-1º do Estatuto dos Traballadores, os domingos e festivos, e ademais gozarán de un día de descanso durante a semana.

Segundo se dispón en Laudo Arbitral de 2 de xaneiro de 1998 (AGA 23/97), as empresas incluídas dentro do ámbito de aplicación do Convenio Colectivo Provincial de Industrias de Panificación da Provincia de Pontevedra, teñen a facultade de proceder á apertura en domingo. O persoal terá dereito, como mínimo, ao descanso semanal de dous domingos cada mes, gozando de forma alterna con respecto aos outros días de descanso semanal en cada mes natural substitutivos do domingo, e percibindo un plus de prestación de servizo en domingo do 100% do salario diario ordinario, incluíndo todos os conceptos.

Entran nesta obrigatoriedade do cumprimento deste artigo todas as panaderías da provincia, sen excepción algunha.

#### *Artigo 8.—Pagas extraordinarias*

As pagas extraordinarias de xullo, Nadal e San Honorato, consistirán nunha mensualidade de salario realmente percibido para cada unha delas: isto é, o termo medio dos incentivos percibidos no último trimestre inmediatamente anterior ao mes do seu pagamento.

#### *Artigo 9.—Plus de transporte*

Establécese para todo o persoal un plus de transporte na contía de 3,46 € por día de traballo efectivo.

#### *Artigo 10.—Retribución en especie*

Ademais da remuneración en metálico, e sen que se compute como salario, todo o persoal recibirá 1 Kg de pan cada día de traballo, así como os descansos semanais, días de festa non recuperables, días de vacacións e días en situación de I.T., que deberá ser de calquera das pezas comerciais que a empresa fabrique e nunca elaborado especialmente para o persoal.

O valor deste suplemento alimenticio non se computará para a determinación do salario en gratificacións, aumentos por antigüidade, nin para o fondo do plus familiar.

*Artigo 11.—Aplicación máis favorable*

Os preceptos do presente convenio aplicaranse no sentido máis favorable para o traballador ou traballadora, sen que en ningún caso se menoscabe aquelas situacións máis beneficiosas que poidan existir por concesión graciable da empresa.

*Artigo 12.—Cesamentos*

O persoal afectado polo presente convenio que se propoña cesar voluntariamente no servizo dunha empresa, terá que comunicalo ao xefe ou xefa desta polo menos con quince días de anticipación á data na que se deixe de prestar servizo.

O incumprimento por parte do traballador ou traballadora da obriga de preavisar coa indicada antelación dará dereito á empresa a descontarlle da liquidación o importe do salario de un día por cada día de atraso no aviso.

*Artigo 13.—Complemento por I.T.*

No caso de incapacidade laboral transitoria, as empresas aboarán o seu persoal o 100% do seu salario real (salario máis complementos), durante o tempo que dure a hospitalización da traballadora ou traballador afectado, se fose necesaria aquela e previa xustificación da mesma.

As empresas tamén complementarán ata o citado importe as baixas de I.T. motivadas por accidente de traballo.

Nos demais supostos aboarase o subsidio de I.T. na súa contía legal.

*Artigo 14.—Festividade de San Honorato*

Establécese como festa do Patrón, con carácter aboable e non recuperable, o día 16 de maio, festividade de San Honorato.

*Artigo 15.—Seguro de accidentes*

As empresas afectadas polo presente convenio deberán subscribir no prazo de dous meses, a partir da súa sinatura, unha póliza de seguro colectivo con primas íntegras ao seu cargo, que cubran as seguintes indemnizacións:

-Accidente laboral ou común, como resultado de morte, invalidez permanente total, absoluta ou grande invalidez, por un capital de 15.025,30 €.

As indemnizacións faranse efectivas á traballadora ou traballador afectado ou aos seus causahabentes.

*Artigo 16.—Clausula de Consolidación.*

As distintas categorías profesionais co dereito o plus de Semimecanización, integraron o mesmo no salario base, desaparecendo xa como tal concepto, a partir da data de publicación do presente Convenio Colectivo e pasando a formar parte da Taboa salarial Anexa.

Igualmente suprimese o nomeado “Plus de iniciación de xornada” que deberan de seguir percibindo aqueles traballadores contratados antes do 1 de Xaneiro do 2003 e que realmente anticipen a xornada de traballo, percibindo por elo a cantidade de 2,74 Euros por hora anticipada.

Debido a desaparición de determinadas categorías salariais, calificadas de obsoletas, consolidanse a utilización das mesmas a aqueles traballadores que as tiveran e non atopasen asimilación nas novas, respetando os incrementos salariais que cada ano foranse producindo.

*Artigo 17.—Complemento retributivo en días festivos ou descansos*

A retribución nos supostos de realización de traballo en días de descanso, así como a retribución dos días festivos que se traballen ou se anticipe a súa produción, efectuarase aplicando ao módulo habitual de retribución (salario base, antigüidade, plus de mecanización e anticipo de horas cando proceda), un coeficiente do 55% de incremento.

*Artigo 18.—Roupa de traballo*

Todas as empresas afectadas por este convenio están obrigadas a facilitar ao seu persoal, ao inicio de cada semestre natural, unha bata ou pantalón e chaqueta ou prenda similar máis axeitada ao posto de traballo, sendo obrigatorio o seu uso.

*Artigo 19.—Recoñecementos médicos*

Todo o persoal da empresa terá dereito a unha revisión médica anual que se realizará en calquera caso a cargo da empresa.

*Artigo 20.—Formación profesional*

As partes signatarias do presente convenio acordar promover cantas accións sexan necesarias encamiñadas ao desenvolvemento e mellora da formación profesional do persoal.

No dito sentido, e como primeira decisión ao respecto, as empresas afectadas polo presente convenio comprométense a que as ensinanzas previstas como obrigatorias no Real Decreto 1992/84 para os contratos para a formación, poidan realizarse, en tanto o dito centro de formación subsista, na Escola de Formación Profesional existente na Asociación Provincial de Industriais de Panificación.

Así mesmo, os títulos e acreditacións que emita a Dirección académica da Escola de Formación Profesional en relación aos traballadores e traballadoras que nela se formen, terán o valor de certificado para os efectos do previsto no artigo 10 do Real Decreto 1992/84.

*Artigo 21.—Contratos de duración determinada (Art. 15.1.B EE.TT.)*

Para os efectos do disposto no Real Decreto 2720/98 L. 12/2001 sobre contratos de duración de-

terminada, cando os contratos se concerten para cubrir postos en centros de traballo que non teñan a consideración de obra, neste suposto a duración máxima do contrato poderá ser de 12 meses dentro dun período de 15 meses.

No caso de que se concerten por un período inferior a 12 meses, este poderá ser prorrogado, de común acordo entre as partes, ate o tope máximo descrito.

*Artigo 22.—Comisión mixta do convenio*

Para a interpretación, vixilancia e cumprimento do pactado polas distintas partes neste convenio, crearase a Comisión mixta de vixilancia ou interpretación, correspondendo a súa presidencia da Comisión deliberadora do convenio ou persoa en quen delegue, e estará composta ademais por catro empresarios e igual número de traballadores ou traballadoras.

Esta comisión actuará no ámbito da súa competencia, sen invadir as esferas privativas daqueles organismos e xurisdiccións que teñan unha competencia determinada e concreta, recoñecida na normativa dos Convenios Colectivos.

*Artigo 23.—Negociación colectiva*

O texto do Convenio colectivo de ámbito provincial para o sector de industria da panificación, é subscrito pola Asociación Provincial de Industrias de Panificación (APROINPA) e polas centrais sindicais Comisiones Obreras (CC.OO.), Unión Gene-

ral de Trabadores (U.G.T.) e Confederación Inter-sindical Galega (CIG), de conformidade co artigo 85, apartado A, da Lei 8/1980 de 10 de marzo de 1980 do Estatuto dos Traballadores.

**TÁBOA SALARIAL EN VIGOR A PARTIR DO 1 DE XANEIRO DE 2004**

CATEGORÍA PROFESIONAL

<i>TÉCNICOS/AS:</i>	<u>Salarios</u>
Xefe/a de Fabricación .....	703,77 €
<i>ADMINISTRATIVOS/AS</i>	
Xefe/a de Oficina .....	611,97 €
Oficial Administrativo .....	552,24 €
Auxiliar Administrativo .....	520,21 €
<i>PERSONAL DE OBRADOR</i>	<u>Euros/Día</u>
Encargado/a .....	21,04 €
Oficial Artesano.....	22,49 €
Oficial de Pala .....	21,04 €
Oficial de Masa.....	20,49 €
Oficial de Mesa.....	20,05 €
Amasador .....	19,94 €
Axudante.....	20,05 €
Aprendiz.....	17,94 €
<i>SERVICIOS COMPLEMENTARIOS</i>	
Autoventa/Repartidor.....	18,22 €
Vendedor/a demostrador/a de Establecemento	17,94 €
Personal de Limpeza.....	17,94 €

**TÁBOA DE PERMISOS E LICENCIAS CONCEDIDAS AOS TRABALLADORES E TRABALLADORAS**

Motivos Licencia	Tempo Máximo	Salario	Antigüidade	Antic. Xorn.	Plus Transp.	Compl. Volun.	Documento Acreditativo
Falecemento de pais, avós, conxuxe, fillos, netos, irmáns e pais políticos	4 días naturais	SI	SI	SI	NON	SI	Necrolóxica e documento que acredite o parentesco
Enfermidade grave de pais, sogros, fillos, netos, conxuxe, irmáns e avós	4 días naturais	SI	SI	SI	NON	SI	Certificado médico especificando gravidade.
Falecemento de noras, xenros, cuñados sobriños e avós políticos	2 día natural	SI	SI	SI	NON	SI	Necrolóxica e documento acreditando o parentesco.
Falecemento de tios/as e tios/as políticos	1 día natural	SI	SI	SI	NON	SI	Necroloxia e documento acreditando o parentesco.
Nacemento de fillo/a	3 días laborais	SI	SI	SI	NON	SI	Libro de Familia ou certificación do xulgado
Casamento de traballador/a	15 días naturais	SI	SI	SI	NON	SI	Libro de Familia ou certificación do xulgado ou igrexa
Casamento de fillos ou irmáns e novas nupcias de pais	1 día natural	SI	SI	SI	NON	SI	Certificado xulgado ou igrexa, sempre que acredite parentesco. Invitación.
Traslado de domicilio habitual	1 día laborable	SI	SI	SI	NON	SI	Certificado do padrón.
Enfermidade e consulta médica. Consulta a Especialista SOE prescrita por Médico de Medicina Xeral	Tempo necesario. Máximo 5 horas/día	SI	SI	SI	NON	SI	Copia volante médico SOE, xustificante asistencia a especialista.
Consulta Médico Medicina Xeral	4 horas/día máximo	SI	SI	SI	NON	SI	Certificado médico ou similar.
Enfermidade con baixa oficial	3 primeiros días	SI	SI	SI	NON	SI	Parte de baixa.
Accidente de Traballo	Día do accidente	SI	SI	SI	SI	SI	Xustificante servizo médico, Mutua Patronal.
Lactancia	O que proceda legalmente	SI	SI	SI	NON	SI	Certificado de nacemento.
Cargo sindical ou público	O que proceda legalmente	SI	SI	SI	SI	SI	O que proceda en cada caso.
Licencia de carácter persoal	1 día/ano	NON	NON	NON	NON	NON	Solicitud a Empresa con antelación mínima de 3 días. Con ulterior xustificación.